





Probas de acceso a ciclos formativos de grao superior

CSPEA01

Economía da empresa

1. Formato da proba

Formato

- A proba constará de 20 cuestións tipo test.
- As cuestións tipo test teñen tres posibles respostas das que soamente unha é correcta.

Puntuación

- Puntuación: 0.50 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Cada cuestión tipo test incorrecta restará 0.125 puntos.
- As respostas en branco non descontarán puntuación.

Duración

• Este exercicio terá unha duración máxima de 60 minutos.

2. Exercicio

1. Unha política expansiva...

Una política expansiva...

A Consiste no aumento dos impostos sen modificar os gastos.

Consiste en el aumento de los impuestos sin modificar los gastos.

B Pretende aumentar a demanda agregada. *Pretende aumentar la demanda agregada.*

C Inicialmente diminúe o déficit orzamentario. *Inicialmente disminuye el déficit presupuestario.*

2. No ámbito macroeconómico, que magnitude habería que restar á renda nacional para obter a renda dispoñible?

En el ámbito macroeconómico, ¿qué magnitud habría que restar a la renta nacional para obtener la renta disponible?

A Os impostos indirectos.

Los impuestos indirectos.

B A depreciación dos bens de equipamento. *La depreciación de los bienes de equipo*.

C Os impostos directos.

Los impuestos directos.

3. Na actualidade, o capital financeiro deixou de ser o elemento máis importante para o éxito empresarial. Indique cal dos seguintes é o activo intanxible fundamental nas empresas hoxe en día:

En la actualidad, el capital financiero dejó de ser el elemento más importante para el éxito empresarial. Indique cuál de los siguientes es el activo intangible fundamental en las empresas hoy en día:

A O capital humano.

El capital humano.

B O capital monetario.

El capital monetario.

C O capital inmobiliario.

El capital inmobiliario.



4. Indique cal das seguintes é unha área funcional da empresa:

Indique cuál de las siguientes es un área funcional de la empresa

A Dimensión e localización.

Dimensión y localización.

B Recursos humanos.

Recursos humanos.

C Internacionalización.

Internacionalización.

5. Quen se encarga de expedir a certificación negativa de denominación dunha sociedade anónima?

¿Quién se encarga de expedir la certificación negativa de denominación de una sociedad anónima?

A Os auditores de contas.

Los auditores de cuentas.

B O consello regulador da denominación de orixe. *El consejo regulador de la denominación de origen.*

C O rexistro mercantil central.

El registro mercantil central.

6. Cales dos seguintes serían empresarios individuais?

¿Cuáles de los siguientes serían empresarios individuales?

A Os dependentes e directivos dunha sociedade de responsabilidade limitada. *Los dependientes y directivos de una sociedad de responsabilidad limitada.*

B Todas as persoas físicas que teñen capacidade legal para exercer o comercio. *Todas las personas físicas que tienen capacidad legal para ejercer el comercio.*

C Todas as persoas físicas que, tendo capacidade legal, exercen habitualmente o comercio.

Todas las personas físicas que, teniendo capacidad legal, ejercen habitualmente el comercio.

7. De cal dos seguintes factores NON depende a decisión sobre a localización empresarial?

¿De cuál de los siguientes factores NO depende la decisión sobre la localización empresarial?

A Da forma xurídica da empresa.

De la forma jurídica de la empresa.

B Do custo do solo.

C Do tipo de actividade.

Del coste del suelo.

Del tipo de actividad.



8. Cales dos seguintes elementos forman parte do contorno próximo ou específico da empresa?

¿Cuáles de los siguientes elementos forman parte del entorno próximo o específico de la empresa?

A Competidores, clientes y provedores.

Competidores, clientes, proveedores.

B Tecnoloxía e factores políticos e socioculturais. *Tecnología y factores políticos y socioculturales.*

C Factores económicos, leis e competidores. *Factores económicos, leyes y competidores.*

9. Cal das seguintes se pode considerar unha vantaxe habitual das PEME fronte ás multinacionais?

¿Cuál de las siguientes se puede considerar una ventaja habitual de las PYME frente a las multinacionales?

A O seu maior potencial financeiro.

 $Su\ mayor\ potencial\ financiero.$

B A proximidade ao cliente.

La cercanía al cliente.

C A ausencia de economías de escala. *La ausencia de economías de escala.*

10. A organización funcional da que foi precursor Taylor caracterízase por:

La organización funcional cuyo precursor fue Taylor se caracteriza por:

A existencia de unidades especializadas dentro da estrutura organizativa. La existencia de unidades especializadas dentro de la estructura organizativa.

B A unidade de mando e a disciplina. *La unidad de mando y la disciplina.*

C A departamentalización por zonas xeográficas. *La departamentalización por zonas geográficas.*

11. Cales dos seguintes grupos constituirían un grupo formal?

¿Cuáles de los siguientes grupos constituirían un grupo formal?

A Os constituídos de maneira espontánea no ámbito da organización. *Los constituidos de manera espontánea en el ámbito de la organización.*

- **B** Aqueles que se configuran para unha tarefa perfectamente definida na organización. *Aquéllos que se configuran para una tarea perfectamente definida en la organización.*
- **C** Os formados arredor dun líder natural dun grupo no ámbito da organización. Los formados alrededor de un líder natural de un grupo en el ámbito de la organización.



12. É posible legalmente que un traballador teña unhas condicións laborais peores ás marcadas polo Estatuto dos Traballadores?

¿Es posible legalmente que un trabajador tenga unas condiciones laborales peores a las marcadas por el Estatuto de los Trabajadores?

A Si, en casos de negociación colectiva.

Sí, en casos de negociación colectiva.

B Si, se o pactou directamente co empresario.

Sí, si lo pactó directamente con el empresario.

C Non, en ningún caso.

No, en ningún caso.

13. A definición de produtividade é:

La definición de productividad es:

A relación entre os cartos gastados e os cartos obtidos por unha empresa nun período de tempo.

La relación entre el dinero gastado y el dinero obtenido por una empresa en un período de tiempo.

B A relación entre a cantidade producida no período actual e a que se espera alcanzar no período seguinte.

La relación entre la cantidad producida en el período actual y la que se espera alcanzar en el período siguiente.

C A relación entre a cantidade de produto obtida e a cantidade de factores empregados nun período de tempo.

La relación entre la cantidad de producto obtenida y la cantidad de factores empleados en un período de tiempo.

14. Unha empresa dedicada á fabricación de lavadoras necesita anualmente 1 000 000 de unidades dun compoñente electrónico. O custo de almacenamento de cada compoñente durante un ano é de 4 euros e o custo de efectuar un pedido é de 32 euros. Cal será o volume de pedido óptimo segundo o modelo de Wilson?

Una empresa dedicada a la fabricación de lavadoras necesita anualmente 1 000 000 de unidades de un componente electrónico. El coste de almacenamiento de cada componente durante un año es de 4 euros y el coste de efectuar un pedido es de 32 euros. ¿Cuál será el volumen de pedido óptimo según el modelo de Wilson?

A 2 700 compoñentes.

2 700 componentes.

B 4 000 compoñentes.

4 000 componentes.

C 7 200 compoñentes.

7 200 componentes.



15. Unha empresa fabrica un produto cuns custos fixos de 100 000 euros e uns custos variables por unidade de 200 euros. Vende o devandito produto a 300 euros a unidade. Cal é o seu limiar de rendibilidade ou punto morto?

Una empresa fabrica un producto con unos costes fijos de 100 000 euros y unos costes variables por unidad de 200 euros. Vende dicho producto a 300 euros la unidad. ¿Cuál es su umbral de rentabilidad o punto muerto?

A 1 000 unidades de produto.

1 000 unidades de producto.

B 1 000 euros.

1 000 euros.

C 100 euros.

100 euros.

16. Cal dos seguintes sería un exemplo dun cartel?

¿Cuál de los siguientes sería un ejemplo de un cártel?

- **A** Un grupo de empresas pertencentes á mesma compañía que chegan a acordos. *Un grupo de empresas pertenecientes a la misma compañía que llegan a acuerdos.*
- **B** Un acordo entre empresas de diferente sector para dominar o mercado. *Un acuerdo entre empresas de diferente sector para dominar el mercado.*
- **C** Un grupo de empresas do mesmo sector que chegan a acordos para evitar a competencia entre elas.

Un grupo de empresas del mismo sector que llegan a acuerdos para evitar la competencia entre ellas.

17. Cal das seguintes é a definición máis axeitada para o marketing-mix?

¿Cuál de las siguientes es la definición más adecuada para el marketing-mix?

A Un plan de acción que determina a investigación comercial da empresa, a publicidade, a propaganda e as relacións públicas.

Un plan de acción que determina la investigación comercial de la empresa, la publicidad, la propaganda y las relaciones públicas.

B Un plan de acción que integra decisións sobre o produto, sobre a marca, sobre o nome comercial e o rótulo do establecemento.

Un plan de acción que integra decisiones sobre el producto, sobre la marca, sobre el nombre comercial y el rótulo del establecimiento.

C Un plan de acción que integra decisións relativas ao produto, ao prezo, á distribución e á comunicación.

Un plan de acción que integra decisiones relativas al producto, al precio, a la distribución y a la comunicación.



18. Indique que partidas integrarían o patrimonio neto ou neto patrimonial:

Indique qué partidas integrarían el patrimonio neto o neto patrimonial:

- **A** A diferenza entre o activo total e o pasivo esixible total. *La diferencia entre al activo total y el pasivo exigible total.*
- **B** Os recursos alleos da empresa a longo e a curto prazo. *Los recursos ajenos de la empresa a largo y a corto plazo.*
- **C** Só as achegas dos socios. Solo las aportaciones de los socios.

19. Cal das seguintes constitúe unha forma de financiamento externo a longo prazo?

¿Cuál de las siguientes constituye una forma de financiación externa a largo plazo?

- **A** O factoring. *El factoring*.
- **B** A emisión de obrigas. *La emisión de obligaciones.*
- **C** O desconto comercial. El descuento comercial.
- 20. Dados dous proxectos de investimento 1 e 2, ambos coa mesma duración de 2 anos. O proxecto 1 ten un desembolso inicial de 5 400 euros, sendo os seus fluxos netos de caixa de 3 000 euros e 4 000 euros respectivamente. O proxecto 2 ten un desembolso inicial de 6 200 euros, sendo os seus fluxos netos de caixa de 3 500 euros e 4 800 euros respectivamente. Sabendo que o custo do capital é do 10 %, cal dos dous proxectos de investimento é preferible segundo o criterio do valor actual neto (VAN)?

Dados dos proyectos de inversión 1 y 2, ambos con la misma duración de 2 años. El proyecto 1 tiene un desembolso inicial de 5 400 euros, siendo sus flujos netos de caja de 3 000 euros y 4 000 euros respectivamente. El proyecto 2 tiene un desembolso inicial de 6 200 euros, siendo sus flujos netos de caja de 3 500 euros y 4 800 euros respectivamente. Sabiendo que el coste de capital es del 10 %, ¿cuál de los dos proyectos de inversión es preferible según el criterio del valor actual neto (VAN)?

- A O proxecto 2, dado que o VAN do proxecto 1 é menor que o VAN do proxecto 2. El proyecto 2, dado que el VAN del proyecto 1 es menor que el VAN del proyecto 2.
- **B** O proxecto 1, dado que o VAN do proxecto 1 é maior que o VAN do proxecto 2. *El proyecto 1, dado que el VAN del proyecto 1 es mayor que el VAN proyecto del proyecto 2.*
- **C** Son indiferentes, xa que os dous proxectos teñen un VAN positivo. *Son indiferentes, ya que los dos proyectos tienen un VAN positivo.*